

## INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDENTE DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS

**Ao accionista único de  
TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.U.**

### **Informe sobre as contas anuais**

Auditamos as contas anuais adxuntas da sociedade **TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.U.**, que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2015, a conta abreviada de perdas e ganancias, o estado abreviado de cambios no patrimonio neto e a memoria abreviada correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

#### *Responsabilidade consello de administración en relación coas contas anuais*

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados de **TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.U.**, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

#### *Responsabilidade do auditor*

A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora de auditoría de contas vixente en España. Dita normativa esixe que cumprimos os requisitos de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorreccións materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razonabilidade das

estimacións contables realizadas pola dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría.

*Opinión*

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da sociedade **TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.U.** a 31 de decembro de 2015, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

1 de abril de 2016

ACR Auditors Group, S.L.P.

  
Manuela Naveira García

